

Xosé A. Neira Cruz

Febreiro, 2005

SON DE LEILÍA

Ás veces, o agocho máis seguro para as grandes verdades da vida é o que se atopa a plena luz. Dicir verdades coma puños: velaí a función, en boa medida, das nosas cantigas populares.

En tempos nos que a liberdade de expresión estaba coutada de raíz, o que non se podía dicir cantábase. E o que estaba prohibido, saltaba sobre calquera censura a través do poder subversivo da palabra enfiada en melodías. Grazas a ese vehículo esencial, un pobo e unha cultura, a nosa, foron quen de sobrevivir todo tipo de penalidades.

Os que nos quixeron borrar a lingua e a capacidade de dicir, esqueceronse do poder invencible dun canto de berce para transmitir o amor á terra; non tiveron en conta a enerxía telúrica dos xogos rimados para botar sortes ou para enredar cos que os nenos e nenas medraron en tempos nos que ser neno era non ser nada; obviaron o lume inextinguible que nos sentimentos prendían as coplas de namorar; e desde logo, foron xordos e necios ao non escoitaren nin entenderen as verdades prístinas que os menos favorecidos lles cantaban na cara envoltas en ritmo de pandeireta, cos alalás

interminables do espírito a marmurar, sen tregua, cos atuxuros da cerna das tripas, do fondo da alma, das brasas da rabia a berrar o son dos que son. Dos que sempre foron e son e serán. Pese a quen lle pese.

Cantar e contar cantando todo tipo de verdades é o que levan facendo as mozas de Leilía desde hai... anos. Elas, que beberon de ben novas nas fontes máis vellas deste país que se esgota, souberon apurar a auga que lles chegaba aos beizos, coñecedoras de que aquelas pingas eran, son, as derradeiras. Con eses líquidos íntimos cantados, chegoulles, chéganos a esencia de Galiza, un mundo arrecunchado ou infinito, coñecido ou ignoto, escuro ou tan brillante coma as ferreñas bañadas polo roibén do sol.

Catado o verdadeiro zume, era preciso despois, dalo a coñecer. Ningún aceno de amor hai meirande có de contar e de cantar. Como non hai sinal de máis certo egoísmo có daquel que sabendo, coñecendo, cala para si. Non cadraba co son de Leilía calar. O silencio só está feito para os que non teñen palabras. Nin gortexas coas que poder berrar. Nin pulmóns abertos para nunca máis deixar de dicir.

Por isto, porque este país precisaba, merecía o respiro da palabra auténtica para seguir adiante, o son de Leilía agromou, e canda ao delas, agromaron primaveras, non sei cantas xa, centos de abriles de cadandras nos teus ollos deses que nos escribiron homes e mulles coma Cunqueiro e que hoxe, moitas e moitos de nós, arelamos seguir realizando.

Tamén nos vestiu Leilía de modernidade a tradición, e de tradición a modernidade, ata faceren palabra, cantiga, música, son, todo por xunto, un tecido sen fin, multicolor, que a estas mozas lles sae do ser cando cantan, cando son.

Agora chéganos ás mans a colleita máis recente destas labregas do liño de todos, destas sachadeiras incansables da palabra.

E cando elas cantan, os sentidos ábrensenos aleutos. Oímos, sentimos, vibramos, amamos os son de Leilía. Porque Leilía é, son, o son do mundo que queremos ser.